

19.-Perda do dereito á avaliación continua na ESO e BAC.

Ref.-ORD_ECD/1361/2015 regula avaliación de ESO e Bach. no ámbito do MECD.

- A avaliación por excelencia é a continua e non se observa nada que indique ou faga referencia a unha posible perda do dereito á avaliación continua (PD) en ámbalas dúas etapas.
- Obsérvase que hai centros, departamentos ou profesorado que a título individual teñen fixados aspectos relativos á referida PD na ESO pero especialmente no BAC, tanto nas programacións como nalgún protocolo, etc. Esta cuestión debería ser revisada nos seguintes termos:
 - Ante a previsión de contar en breve nesta C.A. cunha orde específica de avaliación para as etapas de ESO e BAC, aconséllase prudencia nas formas de proceder con casos en que efectivamente non sexa viable a aplicación de instrumentos e procedementos estándar e ordinarios de avaliación continua.
 - A expresión así empregada de PD non é inicialmente viable ao non estar regulada como tal na vixente normativa de ESO e BAC.
 - Pola súa vez, o artigo 33 do Decreto 86/2015 no que atinxe por exemplo ao Bacharelato, tampouco deixa marxe e figura case que nos mesmos termos que para etapa de ESO no artigo 21.2.
- O que procede é establecer a nivel de centro e /ou de departamentos, os procedementos e instrumentos de avaliación que se aplicarán aos casos en que se requira aplicar procedementos e instrumentos extraordinarios, en tanto que alternativos dos xa establecidos de ordinario na avaliación continua, pero sen mencionar a expresión “perda do dereito á avaliación continua”.